

PROGRAMACIÓN DOCENTE

TALLER DE INTRODUCCIÓN A LA Hª Y ESTÉTICA DEL CINE (I) CURSO 2019/20

ESQUEMA XERAL

- I. Datos descriptivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Avaliación da aprendizaxe

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome da materia	Taller de Introducción á Hª e á estética do cinema
Código	IV20124
Tipo (M / O / AC)	O
Curso aconsellado	2º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestral (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito de coñecemento (H / T / XS / C / CS)	H

Tipo: M=materia, O=obradoiro e AC=actividade complementaria

Ámbito: H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico social, C=científico e CS=ciencias da saúde

I.1. Profesor: Jesús E. Novas Andrade

Profesor	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de impartición	Lingua
Jesus E. Novas Andrade	3 A		Facultad de CC.EE e do Deporte.	Castelán/Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia

Non son necesarios.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM-Pontevedra, aconséllase para o 2º curso, co fin de iniciar a formación cinematográfica do alumnado.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Transformar o ver e oír en mirar e escoitar
- Coñecer o contexto histórico e socioeconómico que motiva a xénese e a evolución do cinematógrafo como espectáculo de masas
- Interesarse pola evolución tecnolóxica do medio relacionándoa cos cambios estéticos producidos no seo da institución
- Conceptualizar as correntes de ruptura estética como fenómenos sincrónicos ao modelo hexemónico
- Xerar unha visión diacrónica da instancia cinematográfica como manifestación industrial, artística e cultural

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase do alumnado que:

- Adquiera aquelas competencias que lle permitan recoñecer as características substanciais da linguaxe cinematográfica
- Se interese por coñecer o devir do cinematógrafo como fenómeno histórico, social, económico, cultural, artístico, estético e lingüístico
- Entenda que o rol precursor do cinema na esfera audiovisual
- Aprecie a funcionalidade do traballo en grupo
- Valore a dialéctica como ferramenta de aprendizaxe

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo alumnado	Horas de traballo persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	30		1.0	30	60	
Prácticas					10	
Viaxe de estudos		5			5	
Exame						
Total					75	

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Antes do cinematógrafo: o precinema. A xoguetería óptica e o estudo dos fenómenos naturais	2 horas
2	O cinematógrafo o seu espectador. Ficción vs non ficción: Lumiere vs Melies. As experiencias en Francia, Gran Bretaña e EEUU...	2 horas
3	Hollywood. O sistema de produción. Os estudos e as estrelas. Estética do filme silente. O MRI. Construindo ao espectador: o relato e a montaxe. Os xéneros cinematográficos. Exercicios de análise(i)	4 horas
4	As vangardas. O contexto. Os manifestos. A relación coas artes plásticas. O estatuto documental. Os vieiros da mente: Alemania e Francia. Cinema e estado: o caso ruso. Exercicios de análise(ii)	4 horas
5	A aparición do son. A revolución tecnolóxica e o seu impacto na industria. Filmes señeiros. Exercicios de análise(iii)	2 horas
6	Estética do filme sonoro. A narración. O espazo e o tempo. A montaxe. O son: a voz, a música, o son ambiental. Exercicios de análise(iv)	8 horas
7	Hollywood. Os estudos e a especialización da produción: os xéneros cinematográficos. A influencia da vangarda. A asimilación do eido documental. Estética dos xéneros cinematográficos. Exercicios de análise(v)	4 horas
8	Tensionando o cinema institucional. O caso Welles. A asimilación da non ficción. Mapa do contexto europeo. O neorrealismo. Exercicios de análise(vi)	4 horas

Programa práctico (se o houbera)

Tema	Contidos	Duración
	Exercicio individual: “análise comparativa de dous textos fílmicos”. O obxectivo desta actividade é avaliar o grao de asimilación dos conceptos básicos e comprobar se o alumnado adquiriu as habilidades e competencias necesarias	10 horas

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
	Visita ó Play Doc (festival de cinema documental que se celebra en abril/maio en Tui) e asistencia a algunha proxección.	5 horas

Bibliografía básica

BAZIN, André (2001). ¿Qué es el cine? Madrid: Rialp

AUMONT, Jacques y MARIE, Michel (1996). Estética del cine: espacio fílmico, montaje, narración, lenguaje / Barcelona: Paidós

GUBERN, Román (2001). Historia del Cine. Barcelona: Anagrama

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

- Diagnose inicial dos coñecementos do alumnado
- Transmisión dos conceptos fundamentais mediante a exposición oral, a lectura de manifestos e textos seleccionados, a análise de obras plásticas e, fundamentalmente, a audiovisión e a análise, en formato de exercicios en grupo, de fragmentos de determinadas obras fílmicas
- Utilización de estratexias que promovan e estimulen a indagación individual e o traballo grupal na aula
- Promoción da interacción e da dialéctica como ferramenta de descuberta e intercambio de coñecemento e experiencia

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

- Comprobar a capacidade de síntese conceptual do alumnado
- Medir o grao o nivel de asimilación e interiorización dos temas clave
- Control dos índices de participación do alumnado
- Valoración da interacción do alumnado como grupo
- Revisión e avaliación das actividades desenvolvidas na aula
- Exercicio individual de análise comparativa de dous textos fílmicos
- Proba final
- Observación dos niveis de coñecemento do alumnado ao final do proceso
- Avaliación da resposta do alumnado ante a metodoloxía empregada e revisión da funcionalidade da mesma
- Autoevaluación e comprobación dos obxectivos alcanzados

OBSERVACIÓNS